Xulia Santiso
Casa Museo Emilia Pardo Bazán

Emilia Pardo Bazán. Actitudes e posicionamentos.

A liña materna provén de Santiago; dona Amalia (1831–1915) pertence á extensa familia dos políticos, intelectuais, militares e activistas liberais composteláns Rúa-Figueroa. A liña paterna provén parcialmente de Cambados; a propia escritora describe a seu avó como "liberal aforrado de masón". O pai da escritora, José Pardo Bazán y Mosquera (1827–1890) naceu na Coruña e, como moitos da súa familia, estudou leis en Santiago. Home ilustrado, ademais de exercer a súa profesión na cidade herculina, combinou o seu traballo con investigacións e publicacións sobre Galicia; por unha banda recompilando a totalidade das obras de Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, economista do período da Ilustración, e por outra presentando, xunto con Manuel Vázquez de Parga, conde de Pallarés, unha *Memoria sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia* cun prantexamento similar ao de Jovellanos, é dicir, sinalando a realidade do atraso agrario, investigando as causas e propoñendo solucións razoadas e baseadas na aprendizaxe de técnicas beneficiosas que estaban a ser empregadas noutros países de Europa. Tamén con Vazquez de Parga, codirixiu unha publicación periódica en Santiago, *Revista de Galicia* "de intereses materiales, morales e intelectuales" da que a filla tomará o nome cando en 1880 asuma a dirección dun proxecto similar na Coruña. No eido das ideas políticas, José Pardo Bazán adscribiuse ao Partido Progresista, foi elixido alcalde da Coruña en 1854 e, no mesmo ano, deputado pola mesma provincia. Renovouse o nomeamento ás Cortes Constituíntes de 1869, motivo polo que os dous matrimonios – pais e filla- se trasladan a Madrid. No medio das discusións para redactar a nova Constitución, apoiou a unidade católica fronte á liberdade de cultos e foi un dos tres liberais que votaron conxunturalmente cos carlistas neste senso; como consecuencia desta acción, por un lado, recibiu a gratitude do Papa Pío IX que lle concedeu o título de conde (recoñecido en 1872 por Amadeo de Savoia e ratificado definitivamente en 1908), e por outro, sufriu a durísima crítica dos

compañeiros de partido, o que propiciará o seu abandono definitivo da política activa.

Ambos os dous proxenitores, de talante liberal, conformaron unha educación determinante para o desenvolvemento intelectual e sensitivo dunha filla que ve así estimuladas unha curiosidade e intelixencia moi pouco comúns. Fronte á actitude restrictiva que en xeral definía a educación das mulleres, a Emilia permitíuselle o paso á biblioteca familiar da rúa Tabernas. Anos despois, ela mesma escribiu sobre esta biblioteca.

Al lado de las puertas de hierro que defendían el archivo, alzábanse otras no menos graves; un día se entreabrieron permitiéndome columbrar un nido de libros, que rondé incesantemente, hasta que lo dejaron a mi disposición, pues mis padres veían con gusto mi afán de lectura. ¡Qué tardes me pasé entregada al placer de los descubrimientos inesperados!

Na súa adolescencia recibe educación académica formal en Madrid, nun colexio para señoritas da alta sociedade, pero a práctica totalidade da vasta cultura que chega a adquirir, alcánzaa de maneira autodidacta. Axúdalle o seu carácter: inextinguible curiosidade, enorme capacidade de traballo e deleite coa lectura que a fai absorber todo o que ten ao seu redor. De esta época xon as primeiras publicacións dun inxente labor literario desenvolvido en 55 anos de traballo intelectual, correspóndense con relatos e poemas adolescentes (1865-1866) de clara orientación romántica e consecuentes coa finalidade moral da función literaria, aspecto que, en maior ou menor medida, nunca abandonará os seus textos.

Pronto casará na capela da Granxa de Meirás con José Quiroga y Pérez de Deza, do Pazo de Banga, no Carballiño. Era o 10 de xullo de 1868, pouco despois estalaba a Revolución de Setembro. Aínda que o esposo descendía por liña colateral do caudillo liberal don Antonio Quiroga, compañeiro de Riego na sublevación de 1820, don José declararase carlista e neocatólico, convencido e militante, durante toda a súa vida. O profesor Xosé Ramón Barreiro xa ten salientado o sorprendente que resulta que unha moza educada nun ambiente liberal e progresista, nunha casa na que se recibía todos os días *La Iberia,* biblia do progresismo español, optara por unha involución ideolóxica de tales características, xa que pronto se definirá carlista e hostil a "la Gloriosa"; seguramente a elección do seu esposo ten moito que ver con iste tema, ademais da pertenza á elite social, e o propio carácter da escritora, observador, experimentador, batallador, que debe tomar posicións por si mesmo. Nos primeiros anos do matrimonio, don José Quiroga estaba a cursar a carreira Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, aínda que nunca exerceu. A evolución dos dous individuos non segue a mesma dinámica; a medida que ela vai definíndose e posicionándose nas primeiras filas do eido cultural e literario, el vai retrocedendo a un segundo lugar, a súa

domus, onde se dedicará á administración dos seus bens, e nos momentos de lecer, ao modelado da madeira, no que amosa especial sensibilidade. Quizais fora o posicionamento inamovible do esposo o que determinou unha falta de sintonía intelectual e temperamental e fixo que o matrimonio se separase a partir de 1883.

A formación intelectual de Pardo Bazán toma forma na primeira metade dos anos 70, posiblemente encauzada por Gonzalez de Linares, profesor krausista da Universidade de Santiago quen a introduce, en temas filosóficos e científicos. Para adquirir a sólida bagaxe de coñecementos que a acompañarán sempre e que lle achegarán a seguridade en si mesma necesaria para intervir activamente na vida cultural da súa época, iníciase nun método de traballo ríxido que dará canle a súa inxente produción literaria. Esta carreira literaria comeza a tomar forma, e no mesmo ano de 1876, pouco despois do nacemento do primoxénito, Jaime, inicia a publicación dunha serie de once artigos de divulgación científica titulada "La ciencia amena" e publicada en *La Revista Compostelana,* onde escribirá sobre este tema dende unha valoración krausista e positivista, e aplicándolle xa a orientación pedagóxica que será característica nos seus textos. Outra revista, *La Ciencia Cristiana,* de programa neocatólico e de marcado e excluínte carácter tomista, invítaa a escribir algunhas colaboracións; destaca aquí o seu artigo "Reflexiones científicas contra el darwinismo" onde, máis que no alegato cientificista, a importancia reside no seu posicionamento intermedio entre os extremismos cos que se adoitaba interpretar a ese autor. Segundo Nelly Clemessy (1981) trátase dunha adaptación ideolóxica á modernidade sen renegar das súas fortes convicciónns relixiosas. Este eclecticismo e as súas preferencias cara á filosofía místico-crítica de San Buenaventura, Escoto e Ockan, e en concreto a súa análise dos filósofos franciscanos, obrígana a abandonar a colaboración coa revista. A súa progresiva capacitación intelectual vaina liberando de prexuízos definitorios e excluíntes, nesta época, sabemos que era subscritora da *Revue Scientiphique* e da *Revue Philosofhique*, que lera *Sol*, do P. Secchi e a *Historia natural de la creación* de Haeckel. Tamén son destas datas uns textos analizados polo profesor González Herrán; son varios capítulos dun proxecto tilulado *Teoría del sistema absoluto en el siglo XIX filosófica y racionalmente considerado* que se atopan no arquivo da escritora, custodiado pola Real Academia Galega e que concordan coas últimas aportacións do profesor Barreiro, quen establece a base ideolóxica do absolutismo político na lectura da escola tradicionalista francesa, especialmente de De Bonald e De Majistre.

Os coñecementos adquiridos danlle asímesmo a seguridade de poder participar no certame co que a cidade de Ourense celebra o segundo centenario do nacemento do Padre Feijóo. O seu traballo, Estudio crítico de las obras de Feijoo (1877), que compite con traballos de Concepción Arenal e Morayta, recibe o primeiro premio tras unha laboriosa selección. É un

texto no que glorifica a figura de Feijóo en todas as súas vertentes, facendo aproximacións moi intelixentes, aínda que non deixa de apreciar a súa obra desde o prisma neocatólico e antiliberal no que estaba inmersa. Ela mesma cualifica o traballo nunha carta a Menéndez Pelayo "el mío expresa, según creo, más exactamente el pensamiento de Feijoo, que era un positivista católico, y no un racionalista, como la señora Arenal lo pinta". Salienta a súa modernidade científica e o seu respecto á tradición, valorando moi positivamente a ortodoxia do frade bieito cando alude ao mundo sobrenatural, ao que se accede unicamente pola vía da fe e non pola racional. En xeral, e segundo o profesor Barreiro (2004) é "unha hábil glorificación de Feijóo envolta nun fermoso vestido literario". Seguramente, a aproximación a esta personalidade libre de prexuízos, recia e valente e a súa identificación coa intención divulgadora do benedictino, contribuíu a enriquecer o carácter da escritora e a orientar os seus traballos. A reacción dos krausistas é dura, xa que dona Concepción era, segundo eles, a merecedora do premio. Aínda que ela mesma recoñecerá a frouxidade do seu estudo, dona Emilia respóndelle por carta a Giner coa mesma dureza:

Usted cree que nunca haré nada que mejore la sociedad, ni aún en grado infitesimal. Y yo pregunto: ¿en être vous sur? Me tiene usted por tan pobre de aspiraciones?

Catro anos despois, en 1881, próximo ao nacemento da súa terceira filla, Carmen, recibe de Giner de los Ríos, co que xa comparte unha sincera amizade, un agasallo; trescentos exemplares dun libriño de poemas dedicado ao seu primoxénito: Jaime. No artigo necrolóxico que lle dedica a Giner, en 1915, fai un sentido balance do enriquecemento que a cercanía deste grande personaxe deu a súa vida:

Don Francisco me enseñó aquel sentido de la tolerancia y respeto a las ajenas opiniones cuando son sinceras, que he conservado y conservaré siempre

Retomando o seu coñecemento sobre Feijoo, pronunciará outro discurso en Ourense en setembro de 1887 onde se advirten certos cambios dende os presupostos absolutistas de partida, este segundo traballo é, segundo Marañón, o mellor estudo crítico que se ten feito sobre a figura do benedictino.

A partir do ano 75 comezara a modernizar as súas lecturas incorporando as novelas dos representantes do incipiente movemento realista español: Alarcón, Pérez Galdós, Valera. O seu desexo de incorporarse á novelistica tomará forma en *Pascual López: autobiografía de un estudiante de medicina* (1879). Novamente segundo o profesor González Herrán, trátase dunha curiosa mestura de modalidades e estéticas: autobiografía picaresca, relato

gótico, novela de anticipación científica, comedia de maxia, romanticismo fantástico, realismo costumbrista. En agosto deste ano nace a súa filla Blanca; os seus sentimentos maternais son afectivos, aínda que a crianza a asume a avoa, Amalia, e a tía-avoa da nena, Vicenta. A súa crise acentúase afectando a todos os espazos da súa vida: familiar, política, relixiosa, sentimental e literaria, e busca refuxio -relixioso e intelectual- no convento dos franciscanos de Santiago. *San Francisco de Asís* (1881) será o produto desas visitas.

O ano seguinte, con 28 anos, asume a responsabilidade da dirección da Revista de Galicia que supón a súa primeira achega ao periodismo profesional. Integra o **comité de redacción os amigos que participan no salón literario que tiña lugar no caserón da rúa Tabernas. O "Programa" escrito por ela é revelador: aparece xa o personaxe receptivo e integrador, e os propósitos que manifesta nel serán aplicables ao seu carácter literario, e tamén persoal, do resto da súa vida. Ela xa intúe, e quere participar, no gran desenvolvemento do papel da prensa e que achegará ao groso da sociedade a información cultural. Por outra banda, pretende conectar o espírito provincial e rexional co movemento cultural da nación, así nos vinte números que ven a luz, terán cabida tanto escritos de carácter galego como nacionais e internacionais.**

A profesora Ana María Freire ten traballado na análise desta revista de «Literatura, Ciencias y Artes», con seccións literarias, científicas e teatrais, onde tiña cabida a creación literaria en prosa e verso, ensaios e artigos de erudición sobre diversas materias e incluso un folletín ("Un episodio del terror", de Alfred de Vigny). O celo profesional da nova escritora faille poñerse en contacto coa elite intelectual española e solicitarlle colaboracións. Así, nos vinte números da *Revista* aparecen máis de cincuenta firmas; autores de moi diversas tendencias: carlistas como Valentín de Nóvoa, e homes da Institución Libre de Enseñanza como Rodríguez Mourelo; tamén está representado gran parte do movemento intelectual galego dende os seus distintos presupostos ideolóxicos: Alfredo Brañas, Curros Enríquez, Salvador Golpe, Andrés e Jesús Muruáis, Aureliano J. Pereira, Pérez Ballesteros, Segade Campoamor, etc. (varios deles formarían parte, tres años despois, da sociedade «El Folklore Gallego», da que dona Emilia foi presidenta), así mesmo aparecen escritores coñecidos no ámbito nacional, como Menéndez Pelayo, Valera, Ventura Ruíz Aguilera, Salvador Rueda o Ricardo Sepúlveda, ao carón de escritoras noveis, como Julia de Asensi, Sofía Casanova, Josefa Pujol de Collado, ou Josefa Ugarte de Barrientos; a xa coñecida Emilia Calé, e incluso unha breve poesía de Rosalía de Castro dedicada a Emilia Pardo Bazán. A lingua das colaboracións é tanto o galego como o castelán, algo salientable xa que eses

momentos pertencen ao período histórico no que se trata de fixar a nosa lingua, en desuso literario durante tanto tempo.

A vida da revista non é longa. Una doenza hepática, quizais consecuencia desa crise física e espiritual, faille abandonar A Coruña, e ao seu regreso os proxectos son outros.

No balneario de Vichy, asume a lectura sistemática dos grandes novelistas franceses: Balzac, Flaubert, Daudet e os Goncourt e alí comeza a escribir a súa segunda novela: *Un viaje de novios* (1881), que estará influída en fondo e forma pola corrente novelesca do naturalismo. O coñecemento das ideas de Taine, xa na década pasada, na *Introducción a la historia de la literatura inglesa (*1866) impresiónaa, e a partir de aquí súmase ás opinións do crítico francés para definir as notas características dunha literatura nacional, a española, cuns sinais identitarios peculiares, aínda que sen renunciar ás contribucións estéticas doutras culturas europeas, sobre todo da francesa. Nesa época escribe para a *Revista Europea* un traballo de crítica literaria sobre as novelas de Galdós, segundo a profesora Marisa Sotelo, este sería o primeiro traballo de enfoque crítico tainiano, aínda que tamén se apoia na divisa estética de corte hegeliano que lle aplicaba á arte a inevitable procura da beleza.

O contorno é o da Restauración; unha vez conseguida a estabilidade política e social, iníciase un proceso de renovación que afecta a todos os campos, dende o científico ao literario e dá froito a semente deixada polo movemento krausista na etapa anterior, que busca incorporar a España nas correntes de pensamento e creación europeas, todo isto tradúcese na asunción do movemento realista e naturalista en todas as expresións artísticas. No eido da literatura, Pardo Bazán recomplía e divulga os argumentos existentes sobre este estilo en Francia e España, e ela mesma posicionase engadindo as súas propias opinións; o seu naturalismo ten características específicas de fondo e forma que o separan do francés e que clarifica en *La cuestión palpitante* (1883), onde intenta indagar nas raíces literarias do movemento e fai unha análise filosófica do fenómeno naturalista -positivista, apoiado na concepción fisiolóxica da psicoloxía tainiana, no determinismo de Darwin e no método experimental de Claude Bernard para explicar comportamentos do individuo- e por comparación, do romanticismo idealista hegeliano do que non acepta as súas teorías, agás na finalidade per se que lle dá á creación artística. Comeza definindo o naturalismo como a substitución contemporánea do fatalismo pagán e do providencionalismo cristián, agora o determinismo materialista converte a "la bête humaine" darwinista, ao home fisiolóxico, en escravo dos seus instintos, sometido á súa propia fatalidade. Ela acepta, aínda que con limitacións, a influencia da herdanza e do medio, pero defende (xa o fixera cos artigos dedicados a Darwin) a concepción cristiá da dualidade humana: corpo e alma. Tampouco

está de acordo con descricións morbosas do feo que ofendan a sensibilidade, aínda que acepta a adopción de formas de linguaxe máis libres.

O propio Zola aproba sorprendido un texto que vén de man feminina, e estráñase da mestura entre catolicismo e naturalismo que adopta o peculiar naturalismo pardobazaniano.

Unha vez establecidas as bases da súa propia maneira de asumir o naturalismo, publica a súa terceira novela, *La Tribuna* (1882). Nela están todos os ingredientes deste estilo: tema atrevido e forte, linguaxe sincera e áspera que plasma formas de expresión propias das clases baixas da sociedade, descrición minuciosa e penetrante de ambientes e personaxes..., neste caso os personaxes pertencen á clase obreira feminina nun centro fabril real, a Fábrica de Tabacos da Coruña, nun espazo histórico real, a revolución liberal do 68. A selección do medio converte á novela na primeira que trata o proletariado feminino. As conclusións son axeitadas: os personaxes, sen a cultura necesaria para manexar a información xerada polo ambiente revolucionario, convértense en peóns de soños propios e alleos. Novamente, por uns ou outros motivos, a reacción non é boa, nin conservadores nin liberais síntense identificados, os intelectuais non aceptan unha produción literaria tan forte, e na sociedade coruñesa ponse en entredito a autoridade do esposo da escritora, alúdese incluso á falta de moralidade desta. Como conclusión final, parece estar aquí a causa última para que o matrimonio se separe.

El cisne de Vilamorta e a colección de narracións *La dama joven*, ambos publicados en 1884, continúan a traxectoria naturalista. Tamén o fai a novela curta *Bucólica* (1885), a mais valorada pola súa autora. Todas elas son froito da atenta observación da natureza humana –física e espiritual- inmersa nun mundo que demostra coñecer, o galego, onde retrata con agudeza tipos, ambientes e costumes propios da nosa terra.

Todas elas supoñen un anticipo das súas dúas grandes obras, *Los pazos de Ulloa e La madre naturaleza* (1886-1887), onde, con mestría plástica, debuxa rotundamente tanto os personaxes como o medio, especialmente referido ás terras ourensás próximas ao Carballiño, onde pasara longas tempadas no pazo do seu esposo. Nelas describe a máis crúa realidade, física e espiritual, do mundo rural de Galicia, a decadencia dunha sociedade sumida nunha poderosa natureza que descompón moral e culturalmente o mundo que toca e que vai provocar o "determi-nismo biolóxico" que caracteriza a escola, aínda que ás veces será matizado polo ton espiritual dalgúns personaxes. A escritora vai captar excepcionalmente o reemplazo xeracional dos fidalgos -representantes de épocas pasadas- polos caciques, personaxes que responden ás actitudes positivistas características dese momento e que, favorecidos polo novo sistema político de partidos protagonizan as loitas entre faccións que evidencian a falsidade dun sistema democrático tan primitivo como o medio onde se desenvolven.

Cando os dous libros se editan, a escritora xa planea a difusión doutra escola literaria. Na novelística rusa atopará as respostas que viña buscando no naturalismo francés; atendía aquela aos aspectos máis espirituais sen deixar de lado a descrición da realidade, por iso lle aplica o termo "realismo ideal". A partir de agora, Tolstoy pasará a ocupar o lugar preeminente que tivera ocupado Zola.

A orixe deste cambio vén do grande impacto que lle causó a lectura das traducións francesas dos escritores rusos do século XIX, -comezou en 1885 con *Crimen y castigo*-, e que a leva a interesarse polas ideas nihilistas e a vida dos inmigrantes en París, a onde ela se trasladaba anualmente, dende 1885 e onde tiña acceso directo ao mundo cultural e literario: alí, ademais de relacionarse con Zola, Daudet, Huysmans, Edmond Goncourt e o crítico Albert Savine entre outros, coñeceu tamén ao vizconde de Vogüé, a Tikhomirov e a Pavlovsky.

Mesturase novamente a curiosidade intelectual co afán comunicativo e desemboca, en abril de 1887, nunhas moi traballadas conferencias que pronuncia no Ateneo de Madrid e que dan orixe aos tres volumes publicados no mesmo ano, co título *La revolución y la novela en Rusia*. Apóiase en Taine para salientar «la revelación de una nacionalidad literaria solo comprensible y valorable a partir del estudio de la raza, la historia y el estado social y político, caracterizado por la efervescencia revolucionaria del nihilismo». Segundo a súa opinión, os grandes novelistas rusos, Gogol, Turgeniev, Dostoiesky, Tolstoy, son o resultado da influencia deses factores, pero tamén están atentos á «vida interior», á «actividad cerebral», aos «movimientos del alma», un naturalismo «con ventanas y respiración, sin seudo-ciencia y sin positivismo barato». As conferencias son un éxito, de novo é a escritora quen presenta, social e culturalmente unha nova maneira de estilo literario. Como notou atinadamente a profesora Sotelo, a inflexión espiritualista de Pardo Bazán coincide co final do debate sobre o naturalismo en España, incluso se adianta en catro meses ao famoso Manifesto dos cinco contra *La Terre* de Zola, en *Le Figaro*, preludio do final do naturalismo.

Antes de terminar o ano, o exitoso xornal *El Imparcial* encárgalle a crónica dos actos relacionados co xubileo de León XIII, con ese motivo, participa nunca romaría dirixida polo bispo de Madrid-Alcalá que se dirixe ata Roma. *Mi romería* (1888) supón a recompilación dos artigos publicados no xornal, e o engadido dalgúns outros. Como vén sendo habitual, conteñen a descrición viva e atenta dun momento histórico e interesantes reflexións sobre temas de actualidade, entre eles a visita a D. Carlos, no palacio de Loredán; as maneiras reconciliadoras do pretendente ao trono convéncena do axeitado dun carlismo posibilista, ideal que un sector do carlismo –o integrista- liderado por Ramón Nocedal imposibilita a través dunha durísima campaña de prensa contra dona Emilia.

Ao ano seguinte, inicia as súas colaboracións na prestixiosa revista *La España Moderna* (1889), onde fai unha nova demostración do seu cosmopolitismo cultural que atende por igual ás novas literarias nacionais e internacionais, nelas xa intúe a importancia que vai alcanzar Paul Bourget, Verlaine o Mallarmée, ou a novela psicolóxica e poemática da fin de século. No mesmo ano publica *Insolación* e *Morriña*, dúas novelas onde inclúe o estudo psicolóxico dos personaxes.

En 1891 morre seu pai, na súa honra e cunha parte da herdanza, dona Emilia emprende en solitario o seu proxecto máis ambicioso e valente, a creación e publicación do *Nuevo Teatro Crítico* (1891-1893), revista mensual na que destaca a crítica literaria, -principalmente de autores españois contemporáneos- terreo para o que viña reivindicando máis atención por parte da prensa; tamén teñen cabida os contos e os artigos de opinión de todo tipo. En termos xerais, esta empresa editorial vén demostrar a enorme capacidade de traballo desta autora que se ocupa da totalidade dos textos de cada unha das cen páxinas dos trinta números publicados, pero tamén deixa constancia da variedade de temas que lle preocupan, e o tratamento crítico que reciben sen perder de vista o modelo pedagóxico feijoniano que máis que a sentar doutrina aspira a remover ideas, a incitar á discusión sobre temas de actualidade e a contribuír, desde o exercicio da crítica, ao desenvolvemento cultural do país. En xeral a súa crítica non vai dirixida ao terreo abstracto senón a temas concretos, por iso queda clara a súa postura política -teñen cabida cuestionamentos contra Sagasta, pero tamén contra a política da Restauración- e a súa grande agudeza ao ser dos primeiros autores que comezan a denunciar cuestións que pronto se englobarán baixo o epíteto de *noventayochistas.*

Toma o título do *Teatro Crítico Universal de Feijoo*, e adapta á súa época o pensamento do benedictino sintetizándoo en catro puntos: verdade, claridade, amenidade e variedade, termos que fixeron de Feijoo un dos iniciadores do xornalismo moderno. Novamente aplica o eclecticismo á crítica literaria, -como escribira no 1889 en *Al pie de la torre Eiffel* "el eclecticismo es la única filosofía que resuelve las aparentes antinomias de la Belleza". Baséase nas ideas de Taine pero, inimiga do dogmatismo artístico e dos cánones da preceptiva literaria, reivindica a apreciación subxectiva, a impresión persoal que tamén emprega nos numerosos artigos de contido feminista onde denuncia inxustizas sociais, culturais e políticas. Tres anos despois, en 1893, escribe o último número exhausta e entristecida moral e intelectualmente:

El Nuevo Teatro Crítico jamás pretendió ser demostración de nuestra vitalidad literaria. Su oficio era más modesto: limitábase a llevar el alta y baja de esa vitalidad, sin rigor inoportuno, sin sahumerios que son complicidades, sin pasión, sin descortesía, respetando el esfuerzo y el mérito contraído, ni zahiriendo jamás,

prescindiendo de las personas y ciñéndose exclusivamente al análisis de las obras. Séale tenida en cuenta esta honrada conducta

En 1891 escribe novamente sobre un tema actual, controvertido e intenso. Trátase da pena de morte, que en *La piedra angular* ten como obxecto de estudo a figura do verdugo. Ningúen do corpo lexislativo, que fai as leis, nin do xudicial que as fai cumprir, senón a do personaxe que leva a cabo o castigo e sofre as consecuencias. Tamén aquí estuda como lles afecta ás mulleres, xa que no dereito penal non reciben diferente consideración á do home, aínda que si a reciben no dereito político ou civil.

Nesta década dos noventa deixarase influír polo psicoloxismo de Paul Bourget. Xa no nomeado *Al pie de la torre Eiffel* (1889), polo tanto moi cedo, Pardo Bazán sinala a carencia da metafísica en Zola:

Quien no ha leído a Aristóteles ni a Platón, quien acaso tiene a Santo Tomás por un fraile extravagante, y a Hegel por un alemanote beodo de cerveza, no es hombre completo, en el sentido intelectual de la palabra; y en Zola, como en todo el mundo, una ignorancia es una deficiencia.

Quizais sexa esta metafísica a que provoque un cambio na súa produción novelesca; o sesgo espiritualista entrelázase cun novo tipo de muller protagonista das súas obras, en Una cristiana e *La prueba* (1890), en *Doña Milagros* (1894) e en *Memorias de un solterón* (1896), as protagonistas pertencen a unha ampla clase media, son máis instruídas e pensan na súa emancipación como individuo. Trátase de tipos reais de muller que a escritora presentará á sociedade lectora, e utilizando diferentes argumentos, deixa clara a deficiente situación que esa mesma realidade está a producir, denunciando o contrasentido que supón a xustaposición do idealismo romántico co positivismo contemporáneo. Como atinadamente o presenta Pilar Faus, neste senso Emilia Pardo Bazán é tamén pioneira.

...tanto a nivel personal como literario será la primera en dar ese gran paso revolucionario que supone la creación de un nuevo tipo de mujer para cuya realización ha tenido que romper las férreas ataduras sociales de tipo tradicional que la sujetaban

Coa publicación de *La quimera* (1905) Emilia Pardo Bazán inclúese definitivamente dentro do psicoloxismo. Este estilo decadentista, simbolista ou modernista vén da man dunha determinada concepción estética -motivos *fin-de-siècle*- tanto na trama coma na linguaxe, no ambiente e nos personaxes; é sabido que a escritora manexa o texto en francés da

Philosophie des Unbewussten de Von Hartmann (1877), que desenvolve o concepto da inconsciencia. Detectado xa en *La piedra angular,* imponse agora un novo tipo de creación; a novela xirará sobre un eido discursivo, os diálogos, as reflexións e as lembranzas, todas subxectivas, priman sobre a acción. Segundo Herrán, xa dende *Una cristiana,* o psicoloxismo mecánico das leis tainianas -herdanza e medio- deixan paso ao subxectivo.

Pero Emilia Pardo Bazán non pode ser considerada unicamente *decadentista, simbolista o modernista* nesta etapa, da mesma maneira que non pode ser simplificada no conxunto en ningún aspecto. Para un temperamento activo como o seu, en absoluto pechado senón atento á actualidade, o aluvión de acontecementos políticos que desembocarán na perdida das colonias xa fora detectado había tempo. O mesmo estilo naturalista das súas novelas fotografaba a situación real da miseria nas clases baixas e a corrupción imperante nas altas; ademais a escritora, na súa faceta de xornalista, reflexiona e critica estes acontecementos mesturando sensibilidade, patriotismo e racionalismo. Segundo Faus, son case cen textos os que escribe sobre o *regeneracionismo* ou *noventaiochismo,* xa desde o *Nuevo Teatro Crítico,* onde reafirma a súa postura independente ao criticar feitos concretos de todos os partidos políticos. No texto de "Despedida" desta revista, imbrica o seu propio pesimismo coa crise cultural, social e política que comeza a sentirse –aínda minoritariamente- en España. A partir de 1896 –Cuba e Filipinas estaban xa en guerra- os escritos *noventayiochistas* multiplícanse; textos persoais, sinceros, lúcidos e apaixonados aparecen en *El imparcial* ou en *La Ilustración Artística* onde comeza no 96 unha sección titulada "La vida contemporánea" e onde escribirá máis de cincocentos artigos, semanalmente, ata 1916 no que pecha a revista, sobre o panorama político, cultural e social do seu contorno.

A partir do impacto do "desastre" créase unha nova mentalidade nun grupo de intelectuais novos, chamada por ese motivo "Xeración do 98", aínda que Pardo Bazán pertence á xeración anterior, participa nesta activamente; posiciónase dende a súa liberdade intelectual e baseándose nas capacidades analíticas e razoadoras que xa a veñen caracterizando, escribe textos non intervencionistas conectados coas correntes pacifistas que nese momento circulan por Europa, farao tanto en artigos de xornal –as súas opinións son recollidas nos diarios *noventayochistas* como *El Liberal* ou *Vida Nueva*- como en contos de marcado carácter simbolista que logo editará baixo o título *Cuentos de la patria* (1902). Tamén intervirá en foros internacionais; invitada pola Sociedade de Conferencias de París, lerá "La España de ayer y la de hoy" na sala Charras da Universidade da Sorbona, onde define o espírito español e ataca o seu secular inmobilismo.

Nas primeiras décadas do novo século o pensamento intelectual deriva dende o utilitarismo de Spencer ou Stuart Mill ao pragmatismo pesimista de Shopenhauer, admirado por Clarín e reforzado por Nietzsche. Agora exáltase

o individuo e esta postura ten moi pouco que ver co espírito vital da autora, por iso o seu labor crítico sufrirá unha inflexión a partir de aquí e pouca atención lle prestará en adiante á xeración do 98, na que se inclúen os modernistas. Os motivos son variados, seguramente pésalle o cansazo que lle produciran todas as críticas recibidas polas publicacións anteriores, por outro lado, a súa atención ás múltiples producións últimas xa non é tan activa, aínda que coñece e aprecia autores como Valle-Inclán –a quen cita como escritor favorito nunha entrevista no ano 21- e Unamuno, con quen a une unha sincera amizade.

A súa capacidade creadora tamén se estanca, polo menos no campo da novela, editando a última, *Dulce Dueño,* en 1911, aínda que continúa as colaboracións en xornais de distinto tipo, entre eles *La nación* de Buenos Aires, dende 1909 ata a súa morte. Os seus fillos Blanca e Jaime casan en 1910 e 1915 respectivamente, neste último ano morre súa nai.

Na contra, todos eses anos teñen a virtude de darlle cumprido recoñecemento polo seu traballo. É agora cando recibe nomeamentos e honras que ata este momento non lle foran concedidos. En 1906, ademais de ser nomeada presidenta honoraria da Real Academia Galega, é elixida presidente da sección de literatura no Ateneo de Madrid, neses momentos, a institución cultural máis prestixiosa de España, onde o ano anterior fora unha das primeiras mulleres admitidas en calidade de socia. Afronta o cargo con ilusión e coa laboriosidade que a vén caracterizando: organiza conferencias, xornadas, homenaxes e conmemoracións cos invitados máis salientables da época. No caso da Real Academia Galega, a invitación a esa presidencia honoraria vén da man do mesmo Murguía, recoñecendo co xesto a importancia social e cultural desta escritora e buscando con el a necesaria protección dunha institución que nacía nese momento.

Dous anos despois, en 1908, Alfonso XIII concédelle o título real de condesa por méritos literarios, e tras unha serie de artigos onde denuncia a miseria das clases baixas, onde explica o seu rexeneracionismo baseado na necesidade da mellora do nivel cultural español, recibe o nomeamento de Consejera de Instrucción Pública, que por primeira vez ocupará unha muller. No ano 12 é nomeada membro da Sociedad Económica de Amigos del País, que desde o século anterior non permitira o acceso a ningunha muller.

Non foi quen, en cambio, de acceder a unha cadeira na misóxina Real Academia Española, a pesar do apoio popular e a campaña de prensa que aínda hoxe sorprende pola súa intensidade.

En 1916 é nomeada catedrática de Literaturas Neolatinas Contemporáneas da Universidade Central de Madrid, desde que o seu nomeamento é firme, e aínda sen saber que quedaría cesante por falta de alumnos, a súa ilusión vai dirixida á mellor maneira de desempeñar a súa cátedra;

Libres son las opiniones literarias y científicas, y las respeto todas. Libre soy para exponer las mías, y lo haré con la mayor sencillez.

É magoa non ter aproveitado no seu momento as súas constantes indagacións nos movementos literarios da súa época, xa que é dona Emilia, entre todos os escritores españois do XIX, a que máis empeño mostra por quebrar as barreiras que separaban a España de Europa. Europeísmo e actitude divulgadora que aínda hoxe impoñen a súa lectura para estudar movementos decimonónicos como o Realismo, o Naturalismo ou o Simbolismo.

Dª María del Pilar Palomo é unha das investigadoras que escribe sobre o eclecticismo de Pardo Bazán, conclusión que vai tomando forma, inexcusablemente, a medida que nos adentramos no seu pensamento, eclecticismo que ten moito que ver coa súa propia actitude vital e que reforzou coa sua especial formación autodidacta no rastrexo de vías diferentes, sen a imposición dunha auctoritas científica, metodolóxica ou de escola que coartara en algunha medida a súa atracción por materias ben distintas entre sí, e que non a obligara a profundizar en ningunha delas de maneira sistemática e especializada, polo que vira pechado o camiño a outras novedades.

Seguramente será axeitado expoñer a evolución deste espíritu A modo de esquema, sinálase a continuación os seus posicionamentos en diferentes ámbitos vitais.

No eido da política, e xa desde 1868, Pardo Bazán fai unha interpretación da realidade que a rodea dende unha perspectiva carlista e antiliberal. As súas actuacións irán máis aló da simpatía intelectual xa que consta que fixo propaganda entusiasta en favor da Causa, e nunha carta datada en 1886, apúntalle a Galdós certos datos sobre unha compra de fusís en Inglaterra. En Mi Romería (1888) narra a visita a D. Carlos no seu palacio de Loredán en Venecia. As durísimas reaccións á súa proposta dun carlismo posibilista, lograrán que abandone este posicionamento, aínda que esta querencia carlista de signo romántico deixaralle sempre un pouso que refreará o seu innato espírito liberal, de todos os xeitos, nunca deixará de meditar sobre calquera proposta tendo en conta a súa orixe política. Lémbrese os seus artigos no Nuevo Teatro Crítico onde critica abertamente o que lle desagrada dos partidos no poder.

No eido da relixión, e como en todos os demais temas, non é posible incluir a Pardo Bazán en ningunha corrente, nin de xénero nin social. Faus definea así: á parte dunha recepción sentimental do aparato católico, propende a unha concepción máis clara e sinxela de Dios, que vén dunha mestura do racionalismo do século XVIII co misticismo franciscano que tanto admiraba, ata o punto de ser enterrada co hábito da orde.

Os primeiros escritos apuntan cara a esta relixiosidade e quedan definidos no limiar a Los poetas épicos cristianos (1895).

Este libro es hijo del estado de mi alma en 1878 y 1879; era yo entonces lo que suele entenderse por neocatólica, y acaso por lo mismo que me inclinaba a dejar de serlo y, sin embargo, me consideraba en el deber de seguir siéndolo, mis escrúpulos de conciencia me obligaban a extremar a dar la nota aguda de neocatolicismo

Tamén data desta época a influencia krausista, que cando menos contribúe ao desenrolo da súa mente que comezara coas viaxes e que está en consonancia co seu temperamento razoador. Esta filosofía alemá, introducida por Sanz del Río antes da Revolución do 68, foi adoptada sobre todo por profesores de universidade que proxectaban introducir nas aulas a rexeneración intelectual e moral de España.

Baseada na harmonía natural disposta por Deus, e na procura dunha vida exemplar coa posta en práctica dun pensamento recto, supón a recuperación dun cristianismo ideal e íntimo que se fará visible coa suma dos individuos, nas institucións. Esta nova proposta esixía a reivindicación da liberdade de cátedra. A reacción do goberno tomará forma nas dúas "cuestións universitarias" de 1867 e 1875. Un dos profesores expedientados, Augusto González de Linares, foi quen introduciu a Pardo Bazán nestas ideas, e quen, contestando á solicitude da escritora, sometea a un rigoroso e sistemático plan de estudo, moi similar ao dos homes nas aulas universitarias, poñendo así en práctica o plan krausista de emancipación feminina por medio do estudo, para o que Emilia Pardo Bazán móstrase excelente candidata polas súas brillantes calidades intelectuais.

Comezará por suposto coa lectura da filosofía de Krause, aínda que os seus preceptos non se adaptan á personalidade racional da escritora. Neste plano, e tras ler os filósofos máis importantes dende a Antigüedade, as súas preferencias diríxense a Kant, pola súa mentalidade lóxica e razoadora. Tamén leu os grandes pensadores cristiáns como Santo Tomás, pero en contra do auxe tomista do momento, asumido como dogma polos neocatólicos españois, ela non rexeita outras teorías como a da filosofía mística, opinión na que insiste tras a súas investigacións sobre *San Francisco* (1886). Entre as correntes do momento, o positivismo é a proposta filosófica que máis lle atrae polo que ten de exaltación das ciencias empírico-experimentais como reacción ás construcións teóricas da filosofía idealista e romántica:

Hoy comprendo cuánto debo a la curiosidad aquella que me movió a revolver documentos krausistas. Merced a ella cobré afición a la lectura seguida, metódica y

reflexiva, que pasa de solaz y toca en estudio. Mi cerebro se desarrolló, mis facultades intelectuales se pusieron en actividad y adquirí el lastre que necesita todo artista para no flotar sin rumbo como un tapón de corcho en el mar. Verdad que corrí el peligro de aficionarme a Krause, que precisamente por lo que le falta de pensador riguroso y por la preponderancia que en su sistema disfrutan la ética y estética, no deja de ser insidioso y pegadizo; no sucedió así, ni asomos de ello; y Krause y su armonismo me sirvieron únicamente de tránsito para repasar, sin convencerme tampoco, pero con el placer que se siente al leer un hermoso poema, la famosa identidad de Schelling, el yo que se pone a sí mismo del elocuente Fichte, la razón pura de Kant, las discutibles pero magníficas teorías estéticas de Hegel, y ya tomado el gusto, para retroceder (hablo en sentido cronológico) a Santo Tomás, a Descartes, Platón y Aristóteles. Me guardaré de decir fatuamente que escogí de cada uno de éstos lo que más me agrada, ni siquiera que estoy fuerte en el conocimiento de tanto sistema. El fruto que saqué es más modesto, pero basta a cubrir mis necesidades intelectuales. Me persuadí que para lo de tejas arriba me convenía la filosofía mística, que sube hacia Dios por medio del amor; y para lo de tejas abajo, el criticismo, método prudente que no anda en zancos, pero no expone a caídas.

As súas afirmacións non foron sempre do gusto do clero, e iso fai que nalgún momento solicite do estamento eclesiástico a rectificación sobre opinións dalgúns dos seus membros sobre textos seus, noutros a contestación, pública, vén da súa pluma. En xeral, foron individuos xesuítas e agostiños cos que máis enfrontamentos se produciron.Así mesmo enfróntase abertamente a algúns tópicos anticatolicistas, e trata de desfacelos no seu discurso do Congreso de 1892, en concreto o divulgado pola Igrexa sobre a dignificación da muller feita polo cristianismo, especialmente ancorado na virtude da honestidade. O cristianismo emancipou a muller "no santuario interior da conciencia" e senón se ten desenvolvido "débese a la malicia humana, al egoísmo y a la fuerza estática de las viejas ideas, conjuradas contra la palabra de Cristo".

O afán dos krausistas é a mellora moral e material do pobo español, en especial dos que sofren marxinación social: escravos, obreiros e a muller. Dona Emilia centra a súa preocupación social na muller e amplía os aspectos onde se debería intervir, xa non unicamente no pedagóxico, senón no legal e social, dándolles maior agresividade aos pronunciamentos de Concepción Arenal. No campo social, será a crise do 98, e a reacción violenta sobre a Igrexa, o que a aguilloe para buscar algunha solución, que atopará no exemplo europeo, no ano 1901 reúne nun libro unha serie de artigos que apareceran en *El Imparcial* co título "Por la Europa católica", son o resultado dunha viaxe por distintos países de Europa, especialmente Francia e Bélxica, onde o catolicismo está a realizar un encomiable labor social, acorde coas directrices recomendadas por León XIII –que pronto derivarían na súa encíclica *Rerum novarum*- que, xunto cos socialistas, intenta mellorar as diferenzas –económicas, culturais- entre as clases. Observar por ela

mesma estas actuacións e escribir sobre elas para mover a opinión pública en España convértese no seu obxectivo, para isto recibe o apoio dos krausistas que a conectarán con persoeiros desta acción social. A Universidade de Lovaina semella darlle forma ás súas ideas, similares ás de Menéndez Pelayo, rexeitando unha pechada actitude tomista, e renovando os estudos filosóficos:

¿Lo oyen bien mis lectores? A la sombra del seminario de León XIII; bajo los auspicios del Papa y del eclesiástico de edificante vida; siguiendo e invocando las doctrinas del Ángel de las Escuelas, se estudia psicología, no en libros, entre las abstracciones y fantasmas, sino al modo positivo, según las últimas imposiciones atrevidísmas de la ciencia moderna.

E continúa, escribindo sobre o programa que debería existir en España:

...abarcar en una concepción más comprensiva las sociologías positivistas de Comte, de Spencer, de Schäffle, y las enseñanzas de la sociología cristiana, cuyo código general se haya en la encíclica de conditione opificum... Y también es necesario levantar mucho el nivel de la instrucción femenina, ¡educar más y mejor a las mujeres, cuys acción social reviste tanta importancia!

Tratemos agora do feminismo; na España do século XIX a presenza da muller na elite cultural era practicamente inexistente. Para demostrar esta realidade abondaría con sinalar as enormes taxas de analfabetismo feminino que, segundo datos de 1877, superaban o setenta por cento. Neste ambiente, Emilia Pardo Bazán constituíuse como unha das grandes figuras que reivindican un papel digno para a muller facendo notar as desigualdades de xénero e demandando a súa desaparición, baséase como sempre nunha rigorosa documentación tal e como o confirman as obras que sobre o tema posúe a súa biblioteca persoal. Este tema, co que se debeu enfrontar acotío é máis polémico dado o seu talante combativo e polémico e non corresponde ao aceptado pola maioría dos homes da súa época. Aínda segue vixente o tipo da muller tradicional valorado e estereotipado polo romanticismo: discreta, abnegada, devota e sumisa, delicada e débil. O varón debe asumir a autoridade familiar e a súa defensa. Aínda hoxe é verdadeiramente difícil eliminar esta mirada de xénero nos que se achegan á figura de Pardo Bazán, pero se se considera con asepsia o seu labor, confirmarase a súa pertenza, por méritos propios, á elite intelectual da súa época.

A súa comuñón de ideas co movemento krausista no eido da necesidade dunha educación igualitaria, seguramente foi o que determinou a súa inclusión nos traballos e actos do Congreso Pedagóxico de 1892. Nel le un importante discurso titulado "La educación del hombre y la mujer: sus diferencias" co que se inclúe no sector máis progresista pola súa

obxectividade e as reivindicacións que levaba implícitas. Remata o discurso cunha alusión á importancia da pedagoxía para Kant, pois así permitíase:

... la educación de la personalidad de un ser libre, capaz de bastarse a si mismo, llenar un puesto en la sociedad, y al propio tiempo tener para sí mismo un valor que emana de la íntima cociencia de sus derechos.

O labor feminista da escritora tomara forma o ano anterior, 1889, no que comezara a ser tema de debate social a inclusión de distintas mulleres en diferentes academias. Facéndose eco dese estado de opinión, Pardo Bazán escribe en La España Moderna "la cuestión académica. A Gertrudis Gómez de Avellaneda". No mesmo ano publica, na Fortnightly Review "La mujer española" onde escribe pormenorizadamente sobre a situación da muller en España segundo a súa clase social, o texto resultante foi duro e incisivo, pero tamén foi obxectivo, aínda así valeulle as críticas, por unha ou outra causa, de todos os estamentos intelectuais.

Aínda que son moitos os textos que Pardo Bazán edita baixo o epígrafe do feminismo, unicamente destacar dúas actuacións máis que serven para identificar xa non o seu posicionamento senón a súa posta en práctica.

Un deles foi asumir a "Biblioteca de la Mujer", colección que funda, dirixe e prologa, editando, dende 1892 ata 1913, unha recompilación de once publicacións de interese formativo para ese segmento social. Nunha carta a Barreiro, director de *La Voz de Galicia*, alude a este tema:

Cuando yo funde la Biblioteca de la Mujer, era mi objetivo difundir en España las obras del alto feminismo extranjero, y por eso di cabida en élla a La esclavitud femenina, de Stuart Mill, y a La mujer ante el socialismo de Augusto Bebel. Eran aquellos tiempos apolíticos de mi interés por la causa. He visto sin ningún género de duda, que aquí a nadie le preocupan gran cosa estas cuestiones, y a la mujer, aún menos.

Non dubida en publicar o libro La mujer ante el socialismo de Augusto Bebel pola súa actualidade, e precédeo dunha advertencia preliminar onde escribe:

Sin que ciertas peticiones del socialismo me parezcan injustas, tengo poco de socialista y menos de comunista e internacionalista; el individualismo y el diferentismo son para mi ideais supremos de la perfección humana.

A falta de interese pola colección fai que a remate con dous volumes referidos á gastronomía.

Continúan as súas reclamacións, e defínense como propias, nunha serie de artigos que levan como tema "la cuestión académica" onde reivindica o dereito das mulleres a acceder a estas institucións, algo que se lles negou ata

ben entrado o século XX. En 1912 e 1916 os académicos confirman unha resolución adoptada en 1853, pola que se lle vetara o acceso a dona Gertrudis Gómez de Avellaneda. Que tras tantos anos se emitise idéntico fallo fala do pouco que se avanzara neste camiño e do lento que sería o avance.

No eido do rexionalismo, a época vital de Emilia Pardo Bazán corresponde ao establecemento entre os intelectuais da necesidade de crear algún tipo de entidade onde o patrimonio cultural galego fora como mínimo tratado co respecto que merece. Se observamos este tema dende a perspectiva actual, podémolo resumir en dous modelos de institución propostos en base a dous persoeiros do mundo da cultura: Pardo Bazán e Martínez Murguía. Segundo o profesor Xosé Ramón Barreiro, dona Emilia significaba o cosmopolitismo intelectual e o progresismo científico, para ela Galicia era unha forma estética de ser distinto dentro da cultura española. Murguía era o intelectual galego capaz de construír unha teoría sociopolícia da galeguidade, na que a cultura ostentaba unha esencialidade propia que a convertía en motivo de reivindicación permanente fronte á que viña imposta. Sobre Emilia Pardo Bazán, a pesar dos seus desacordos cos pais do movemento rexionalista e con este en si, non pode negarse a súa achega ao enriquecemento da nosa cultura a través dun dilatado labor literario e dun profundo coñecemento da realidade galega en todos os seus aspectos. Como premisa fundamental, Pardo Bazán non aceptaba a unidade diferencial de Galicia con respecto ao resto de España, a súa actitude persoal e literaria non é allea á necesidade de recuperación e de mellora da situación social e cultural do noso país, Pardo Bazán entendía Galicia como unha ramificación dun tronco común que era a nación española. Neste senso de recuperación e mellora, e segundo a súa inquedanza intelectual, atópase a dirección da Revista de Galicia en 1880 onde imbrica traballos de carácter rexional e local, algúns en galego ou con tema galego, con outros referidos a temas nacionais e internacionais intentando estar por riba de calquera manifestación política ou confesional; a asunción da dirección de "La Sociedad del Folklore Gallego" en 1884, -que respondía aos seus "deseos vehementes de contribuir al adelantamiento y cultura de su país, estableciendo [...] una sociedad encargada de estudiar, recoger y conservar el popular saber", e onde, de novo, apunta que "no debe tener matiz político ni religioso" e remarca a importancia de dúas ciencias novas; a antropoloxía e a etnografía, polo que foi felicitada polos folkloristas franceses na reunión internacional en París. Esta "Sociedad" foi unha das sementes da actual Real Academia Galega, que aínda contempla estes estudos nos seus estatutos. Emilia Pardo Bazán tamén escribiu variados estudos críticos sobre a obra de destacados escritores de Galicia, como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Pondal, recompilados en 1888, nun volume titulado de mi *tierra*.

La poesía regional gallega, este é o tema do discurso que le na velada ofrecida pola sociedade coruñesa "Circo de Artesanos" con motivo dunha homenaxe que se lle fai a Rosalía de Castro, morta recentemente, e co que pretende dar unha visión colectiva sobre o tema, fai unha completa introdución sobre o renacemento cultural galego para centrarse logo na figura do poeta rexional, -enxalzado popularmente e coa lingua popular como elemento comunicador, aínda que iso obrigue aos seus autores a non saír dos seus límites lingüísticos- busca a causa pola que é importante o uso do galego e chega á conclusión de que se debe protexer a individualidade histórica ante o movemento nivelador da cultura moderna. Pasa despois a glosar a gran poeta –non poetisa polo carácter pexorativo do termo- valorando sobre todo *Cantares gallegos* polo seu carácter de poesía popular en detrimento de *Follas novas.* Continúa coa segunda xeración de poetas (Curros, Lamas Carvajal, Losada, Pondal, Saco y Arce, Barcia) que ademais da gran calidade da súa produción, lograron definir as bases da lingua galega, tema que aínda que non comparte, si que sabe valorar e apreciar moitas das motivacións ás que contesta: inxustizas políticas, sociais e económicas.

Foi esa definición do seu posicionamento o que lle acarreou a xenreira de moitos dos galeguistas, pero sobre todo de Manuel Martínez Murguía, quen no ano 1896, no xornal *La Voz de Galicia* edita unha serie de quince artigos titulados "Cuentas ajustadas, medio cobradas" onde o autor ataca con dureza a figura de dona Emilia, quen nunca contestou publicamente estes ataques. Segundo o profesor Barreiro, "os artigos contra Pardo Bazán recollen tódolos rancores murguianos. Neles aparece o Murguía máis visceral e resentido".

As súas opinións sobre moitos dos intelectuais galegos son sinceras e claras. Cando inclúe na Revista de Galicia a crítica literaria de Aires da miña terra, de Curros Enríquez, evidencia que non comparte a cerril actitude do bispo de Ourense, pero deixa claro que tampouco comparte as ideas políticas e sociais do poeta, aínda así escribe "sabe oir y repetir el himno misterioso que entonan las cosas de la tierra, pero que, según antiguo privilegio, sólo los poetas verdaderos aciertan a traducir al humano lenguaje". En 1890 traduce anacos de A´musa das aldeas de Valentín Lamas Carvajal para un artículo en El Imparcial, escribe sobre a imposibilidade de transmitir integramente o máis peculiar e sentido: "lo más feliz se queda en la pluma". Pero sobre todo, achegou o coñecemento do noso ao converterse na narradora, cara a España, da terra onde naceu, xa que de toda a súa produción literaria, o tema galego -tanto físico como espiritual- ocupa sobradamente dous tercios.

No arquivo da Real Academia Galega, co rexistro 254/31, hai un manuscrito co seguinte texto:

Mi primera admiración es que me tengan que preguntar nada sobre el regionalismo, porque creía que en este punto respondían mis obras por mí. Todas ellas, especialmente las de imaginación, están impregnadas del más vivo cariño a Galicia.

Neste tema do rexionalismo atópase na liña de Menéndez Pelayo e o patriotismo cultural e mestúrao co ideario tainiano, pois a literatura rexional e con ela a lingua son interpretadas como un intento de recobrar a memoria colectiva do pobo. Así comeza por revalorizar o que ten máis preto, e reivindica un espírito galaico sempre que non atente contra o movemento xeral da nación española. É dicir, ama e valora a súa terra, pero inclúea sempre dentro dun marco nacional.

En canto ao uso do galego, deberemos referirnos ao traballo de D.ª Ermitas Penas sobre este tema en *Los Pazos de Ulloa*, obra fundamental da escritora coruñesa e á análise dos galeguismos que enchen as súas páxinas. A mesma escritora aludirá ao tema no *Prólogo* a *La dama joven* (1884):

Aun a costa de exponerme a que censores muy formales me imputen el estilo de mis héroes, insisto en no pulirlo ni arreglarlo, y en dejar a señoritos y curas de aldea, a mujeres del pueblo y amas de cría, que se produzcan como saben y pueden, cometiendo las faltas de lenguaje, barbarismos y provincialismos que gusten.

Nos "apuntes autobiográficos" que preceden á primeira edición de Los pazos de Ulloa refírese asimesmo a este tema:

El campo me gusta tanto, que mi aspiración sería escribir una novela donde sólo figurasen labriegos; pero tropiezo en la dificultad del diálogo, tan inmensa, que Zola, el novelista de los atrevimientos, no osa arrostrarla, según acabo de leer en un periódico, y a los campesinos que describe en su obra actual La tierra, no les hace hablar en patois, sino en francés. Todo lo puede el genio, y Zola orillará la dificultad; pero yo siento que las cosas gráficas, oportunas y maliciosas que dicen nuestros labriegos, son inseparables del añejo latín romanzado en que las pronuncian, y que un libro arlequín, mitad gallego y mitad castellano, sería feísimo engendro, tan feo como lindas las poesías, gallegas todas, en que resalta la frase campesina.

A solución que adoptou a escritora foi a elaboración dunha fala artificial, creada por ela mesma e non moi afastada da lingua usual do campesino. Trátase dun constructo lingüístico no que é evidente o seu interese por evitar problemas de comprensión nos seus lectores. Tamén introduce galeguismos en personaxes de procedencia máis culta ou incluso no narrador. A profesora Penas apunta a intencións sostidamente realistas como apuntes do natural, ou

ao uso forzoso xa que se trata de designar obxectos, realidades ou costumes exclusivos desta terra; e tamén ao uso inconsciente, produto da contaminación da lingua galega no español da autora. Valle-Inclán herdaría este traballo de adaptación, e aproveitaría moitas das pautas seguidas por Emilia Pardo Bazán para crear o seu propio universo lingüístico.

Bibliografía

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón, "O *estudio crítico* das obras do P. Feijóo de Pardo Bazán, Concepción Arenal e Miguel Morayta. O certame de Ourense de 1876" en *La Tribuna, cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán,* nº 1. A Coruña, 2004. pp. 47-95.
- CLEMESSY, Nelly, *Emilia Pardo Bazán como novelista.* Fundación Universitaria Española. Madrid, 1981. T I e II.
- FAUS, Pilar, *Emilia Pardo Bazán. Su época, su vida, su obra.* Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña, 2003.
- FREIRE LÓPEZ, Ana María: *La revista de Galicia de Emilia Pardo Bazán (1880).* Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1999.
- *Estudios sobre la obra de Emilia Pardo Bazán. Actas de las jorandas conmemorativas de los 150 años de su nacimiento.* (Edición). Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001
- GONZÁLEZ HERRÁN, José Manuel: *La cuestión palpitante. Emilia Pardo Bazán.* Ed. Anthropos, Barcelona, 1989
- GULLÓN, Germán, "Emilia Pardo Bazán, una intelectual liberal (y la crítica literaria)". En GONZÁLEZ HERRÁN, José Manuel. *Estudios sobre Emilia Pardo Bazán. In memoriam Maurice Hemingway*, pp. 181-195
- *La Tribuna, cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.* Real Academia Galega / Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- PALOMO, María del Pilar, "Curiosidad intelectual y eclecticismo crítico en Emilia Pardo Bazán". MAYORAL, Marina (ed.) *Estudios sobre "Los pazos de Ulloa".* Ed. Cátedra, Madrid, 1989, pp 149-162
- PATIÑO EIRÍN, Cristina, *Valle-Inclán y el Fin de Siglo : Congreso Internacional, 23--28 de octubre de 1995,* Santiago de Compostela, 1997, pp. 177-186.
- PENAS VARELA, Ermitas, "Prólogo". Edición crítica de *Los pazos de Ulloa.* Crítica. Barcelona, 2000.

-RUÍZ OCAÑA-DUEÑAS, Eduardo. *La obra periodística de Emilia Pardo Bazán en "La Ilustración Artística" de Barcelona. (1895-1916).* Fundación Universitaria Española. Madrid, 2004.

-SOTELO VÁZQUEZ, Maria Luisa, "Fundamentos estéticos de la crítica literaria de Emilia Pardo Bazán".www. Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2005